Leticia Santos Paz (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 17/04/2023
HASH: 3712274cdf5dbe68ff88f1580585 4f3e

Urb./Srs.

**ASUNTO:** NOVA SOLICITUDE SOBRE UNHA VIVENDA SITUADA NO FIUNCHAL, O CON, TIRÁN, MOAÑA, PROPIEDADE DE EVA CÁRDENAS BOTAS

**INTERESADO:** MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

**EXPEDIENTE:** 2306/2021

O 11 de xaneiro de 2023, co nº rexistro RE-119 e 1120, Vde. fíxonos chegar un documento que dirixiu á Valedora do Pobo de Galicia, con copia para a presidenta da Comisión de Transparencia de Galicia, pola que lles notifica a resposta remitida desde este Concello.

Esta nova petición foi informada pola asesoría xurídica municipal no seguinte sentido:

*"**ASUNTO**.- Informe en relación co novo requirimento de información por D. Miguel A. Delgado González actuando en representación de PLADESEMAPESGA, sobre o expediente 2306/2021.*

***CONSIDERACIÓNS**:*

***A**.- Procede reiterar as conclusións do anterior informe a cuxo contido me remito expresamente, e dicir:*

***CONCLUSIÓNS**.- Tendo en conta que tras a audiencia a Dª. Eva Cárdenas Botas, esta entendeu que subsidiariamente podía concederse o acceso a D. Miguel Ángel Delgado González, procede facilitarlle o acceso á información da seguinte maneira:*

*1º.- Facilitándolle a D. Miguel Ángel Delgado González copia da información solicitada, aínda que tachando desta calquera dato persoal, como nome, apelidos, estado civil, enderezo, orzamentos, nomes de profesionais, así como información económica, pero sen eliminar os planos ou proxectos profesionais, por canto a protección do dereito de autor debe ceder polas razóns expostas no informe.*

*2º.- Dado o contido da autorización efectuada por Dª. Eva Cárdenas, debería facilitarse tamén a Dª. Eva, copia da documentación que se lle entregue ao peticionario.*

***B**.- Achégase agora por D. Miguel Ángel copia da resolución da alcaldesa que acorda en definitiva poñer a disposición de D. Miguel Ángel Delgado González a documentación de tres expedientes, se ben facendo unha precisión:*

*"Lembramos novamente da necesidade de aboar as taxas municipais de busca de documentos e pagar 18 € por cada un dos expedientes solicitados (segundo a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos, BOPPO nº 250, do 30.12.04). O pagamento débese realizar na ORAL, para o que lle proporcionamos o seu teléfono - 886 14 46 30- e o seu correo electrónico -moana.oral@depo.es-, por se lle faclita a tarefa). Estas taxas deben constar aboadas no expediente antes de autorizar o acceso."*

***C**.- O contido do escrito de D. Miguel Ángel agora dirixido á Valedora do Pobo de Galicia,*

Cod. Validación: 4HXPW6WZPWN7GJMMRWFKNRS95
Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

*pide que se lle facilite o acceso a outro expediente distinto daqueles aos que se lle ofreceu o acceso, que sería o 2306/2021, pero en termos moi duros cualifica como "EXTORSION", que se lle pretenda cobrar unha taxa pola expedición de copias da documentación, fundamentándose no:*

*"Principio de gratuidad: el acceso a la información y las solicitudes de acceso serán gratuitos, sin perjuicio de las exacciones que, sin que puedan tener carácter disuasorio, se establezcan por la expedición de copias o soportes o la transposición de la información a un formato diferente del original.*

*En la Ley de transparencia estatal la reutilización de la información y publicidad de la documentación pública.*

*El artículo 22 "formalización del acceso", proclama la gratuidad del acceso a la información en su apartado 4"*

*Achéganse co seu escrito un PDF coa resolución da Alcaldía, ofrecéndolle o acceso á documentación, así como o texto da Ley 19/2014, de 29 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, da Comunidade Autónoma de Cataluña (publicado no DOGC nº 6780, de 31 de decembro de 2014, e no BOE nº 18 de 21 de xaneiro de 2015), que segundo o seu art. 3.1.a), ten a seguinte aplicación:*

*"1. La presente ley es de aplicación:*

a) *A la Administración de la Generalidad y* ***los entes que integran la Administración local en Cataluña.***"

*Entendo que a devandita disposición non é de aplicación ao caso, por canto o Excmo. Concello de Moaña ten o seu ámbito territorial en Galicia, non en Cataluña.*

***D.-*** *D. Miguel Ángel Delgado González ten a condición de interesado segundo o art. 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando dispón:*

*"1. Se consideran interesados en el procedimiento administrativo:*

a) *Quienes lo promuevan como titulares de derechos o intereses legítimos individuales o colectivos.*

b) *Los que, sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte.*

c) *Aquellos cuyos intereses legítimos, individuales o colectivos, puedan resultar afectados por la resolución y se personen en el procedimiento en tanto no haya recaído resolución definitiva.*

2. *Las asociaciones y organizaciones representativas de intereses económicos y sociales serán titulares de intereses legítimos colectivos en los términos que la Ley reconozca.*

3. *Cuando la condición de interesado derivase de alguna relación jurídica transmisible, el derecho-habiente sucederá en tal condición cualquiera que sea el estado del procedimiento."*

Cod. Validación: 4HXPW6WZPWN7GJMMRWFKNRS95
Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5

*Polo tanto, e de conformidade co art. 53.1.a) da mesma lei:*

> *"1. Además del resto de derechos previstos en esta Ley, los interesados en un procedimiento administrativo, tienen los siguientes derechos:*
>
> *a) A conocer, en cualquier momento, el estado de la tramitación de los procedimientos en los que tengan la condición de interesados; el sentido del silencio administrativo que corresponda, en caso de que la Administración no dicte ni notifique resolución expresa en plazo; el órgano competente para su instrucción, en su caso, y resolución; y los actos de trámite dictados. Asimismo, también tendrán derecho a acceder y a obtener copia de los documentos contenidos en los citados procedimientos."*

***E.-*** *En canto ao acceso a documentación contida no expediente 2306/2021, e máis precisamente que se lle faciliten copias do expediente íntegro, ten que facerse tendo en conta o art. 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (citado no escrito de D. Miguel Ángel para prescindir do seu contido) que dispón de xeito literal:*

> *"4. El acceso a la información será gratuito.* ***No obstante, la expedición de copias o la trasposición de la información a un formato diferente al original podrá dar lugar a la exigencia de exacciones en los términos previstos*** *en la Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios Públicos, o, en su caso, conforme a la normativa autonómica* ***o local que resulte aplicable****."*

*Pola súa banda incluso o art. 37 da Lei 19/2014 de Cataluña antes citada por D. Miguel Ángel Delgado (aínda que non a creo aplicable) contempla a posibilidade de pago de taxas, cousa que tamén fai a D. A. 4ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia*

> *"Disposición adicional cuarta. Costes de acceso a la información.*
>
> *El acceso a la información será gratuito. No obstante, la obtención de copias y la transposición a formatos diferentes del original podrán estar sujetas al pago de las tasas establecidas en la normativa de la Comunidad Autónoma de Galicia sobre el particular."*

***F.-*** *Por outra banda, no BOP de Pontevedra nº 250 do 30.12.2004 publícase a Ordenanza fiscal reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos, contempla as taxas municipais correspondentes.*

*En canto a esta cuestión a sentenza do 6 de xuño de 2005 do TS, sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª (Rec. 68/2002) dispón:*

> *"OCTAVO*
>
> *La conclusión estimatoria a la que conduce cuanto acabamos de señalar ha de ser acompañada de otras consideraciones que le doten de la imprescindible precisión. La primera es*
>
> *que el recurrente tiene derecho a acceder a los documentos que ha indicado.* ***Y también lo tiene a obtener copia de ellos a sus expensas****, pues el artículo 37.8 de la Ley 30/1992 ( RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) dice expresamente que «el derecho de acceso conlleva el de obtener copias o certificados de los documentos cuyo examen sea autorizado por la Administración previo pago, en su caso, de las exacciones que se hallen legalmente establecidas». Dado que debió ser autorizado el acceso, igualmente se debieron expedir las copias correspondientes."*

Cod. Validación: 4HXPW6WZPWN7GJMMRWFKNRS95
Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

*Tamén pódese citar a sentenza 282/2020 do TSX de Galicia do 23 de xuño de 2020 (Rec. 4286/2018):*

*"3.- Infracción del derecho a la buena administración.*

*Artículo 41 de la Carta de derechos fundamentales de la Unión Europea (LCEur 2007, 2329) , e infracción del artículo 2 de la Ley 1/2015, de 1 de abril (LG 2015, 107) , de garantía de la calidad de los servicios públicos y de la buena administración.*

***Sin embargo, tal y como se razona en la resolución recurrida y se explica en la contestación a la demanda, el recurrente sí que pudo acceder y consultar el expediente administrativo, si bien para obtener copia de los documentos era preceptivo el abono de la tasa establecida en la Ley 6/2003, de 9 de diciembre (LG 2003, 346) , de tasas , precios y exacciones reguladas en la Comunidad Autónoma de Galicia.***

*Así se expone en el oficio de la instructora del procedimiento: dónde y cuándo podía consultar el expediente , así como un teléfono de contacto; y la tasa que había de abonar , con su justificación legal, caso de precisar de copias , y la posibilidad de facilitar un correo electrónico donde remitírselas. Consta además que le fue notificado, en los folios 61 y 62 del expediente administrativo.*

*Por consecuencia y siéndole imputable, no se puede considerar que se haya ocasionado una indefensión que haya de dar lugar a la anulación del acto recurrido."*

*Por outra banda e toda vez que tamén se insta no escrito de D. Miguel Ángel Delgado al Consejo de transparencia y Buen Gobierno, convén ter en conta que o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno na súa resolución de 5 de abril de 2017 (R/0010/2017) sinala:*

*"3. Respecto al fondo de la cuestión debatida, conviene comenzar indicando que la posibilidad de cobrar tasas o precios públicos por la información o los documentos generados en el ejercicio del derecho de acceso a la información está contemplada en el artículo 22.4 de la LTAIBG, según el cual el acceso a la información será gratuito. No obstante, la expedición de copias o la trasposición de la información a un formato diferente al original podrá dar lugar a la exigencia de exacciones en los términos previstos en la Ley 8/1989, de 13 de abril, de Tasas y Precios Públicos, o, en su caso, conforme a la normativa autonómica o local que resulte aplicable.*

*Es decir, no se puede cobrar por el ejercicio del derecho pero sí por los documentos que sean copias o el cambio a formatos diferentes del original que se generen como consecuencia de dicho ejercicio."*

***CONCLUSIÓNS**.- Procede facilitarlle a D. Miguel Ángel Delgado González o acceso a información, da seguinte maneira:*

*1º.- Facilitándolle a D. Miguel Ángel Delgado González copia da información solicitada, aínda que tachando desta calquera dato persoal, como nome, apelidos, estado civil, enderezo, orzamentos, nomes de profesionais, así como información económica, pero sen eliminar os planos ou proxectos profesionais, por canto a protección do dereito de autor debe ceder polas razóns expostas no informe.*

*2º.- Por suposto iso non exclúe, de conformidade co art. 22.4 da Lei 19/2014, a esixencia do pago das taxas correspondentes pola obtención das copias interesadas por D. Miguel A. Delgado González, de conformidade coa Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por expedición de documentos administrativos (BOPPO nº 250 do 30-12-04) (...)".*

O que lle trasladamos para o seu coñecemento.

Cod. Validación: 4HXPW6WZPWN7GJMMRWFKNRS95
Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

Moaña, data segundo a da sinatura electrónica
A alcaldesa

Leticia Santos Paz
Documento asinado dixitalmente na marxe

MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ

PLATAFORMA EN DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA

Cod. Validación: 4HXPW6WZPWN7GJMMRWFKNRS95
Corrección: https://concellodemoana.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5